

## SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE CONFIGURACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

### Melloras 2013-2016

O ciclo de mellora (PDCA)\* dos sistemas de garantía de calidade previsto no programa FIDES-AUDIT provoca que os procesos de funcionamento dos centros se vaian mellorando, o que dá lugar a versións melloradas dos documentos en vigor (manual de calidade, procedementos e anexos asociados).

As melloras tiveron como eixes comúns a **simplificación**, a **mellor descrición das responsabilidades e competencias**, a **participación máis activa** dos centros e a **utilidade** dos procedementos.

Fases de desenvolvemento do proxecto de mellora dos sistemas de garantía:

- O proxecto comezou cunha primeira fase desenvolta no ano 2013, dando como resultado unha actualización dun primeiro bloque de procedementos relacionados coa área de procesos docentes (DO) e coa xestión documental (XD).
- Tras a conclusión desta fase, abordouse unha segunda que rematou en 2014, relacionada coa área de procesos estratéxicos (dirección estratéxica -DE- e xestión da calidade e mellora continua -MC-) e co Manual de Calidade, no que se inclúe unha posta ao día da Política e obxectivos de calidade.
- A terceira fase desenvolveuse en 2015 e o primeiro trimestre do 2016, e centrouse na área de procesos de xestión académica (AC).

Estes cambios provocan que sexa necesario establecer o estado de situación de toda a documentación dos sistemas de garantía dos centros, co obxecto de precisar a súa evolución e trazabilidade, en relación cos antigos procedementos, e facilitar a súa comprensión.

A táboa seguinte [1] detalla a situación actual dos documentos (manual de calidade e procedementos) despois das melloras descritas:

\* PDCA: Planificar - Desenvolver - Controlar - Mellorar

Táboa [1]: Configuración dos sistemas de garantía de calidade dos centros.  
Estado de situación (abril de 2016):

Manual de calidade					
Inicial avaliado		Revisado e mellorado		En fase de revisión	
Código	Denominación	Código	Denominación	Código	Denominación
-	Manual de Calidade do centro Inclúe 13 capítulos e 3 anexos (Edición 02-03)	-	Manual de Calidade do centro (índice 04)  Inclúe a Política e os obxectivos de calidade		

Procedementos					
Iniciais avaliados		Revisados e mellorados		En fase de revisión	
Código	Denominación	Código	Denominación	Código	Denominación
PE01	Definición e revisión da política e obxectivos de calidade	DE-01 P1	Planificación e desenvolvemento estratéxico		
		DE-03 P1	Revisión do sistema pola dirección		
		A definición da política e dos obxectivos de calidade establécese segundo o procedemento DE-01 P1. A súa revisión e mellora realízase no marco do procedemento DE-03 P1.			
PE02	Política de PDI e PAS			PE	Xestión do persoal
PE03	Deseño da oferta formativa	DO-0101 P1	Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais		

PC01	Garantía de calidade dos programas formativos	DO-0102 P1	Seguimento e mellora das titulacións		
PC02	Revisión e mellora das titulacións				
PC03	Definición de perfís e captación dos estudantes	DO-0202 P1	Promoción das titulacións		
PC04	Selección-admisión e matriculación dos estudantes	AC-0104 P1	Accesos e admisión		
		AC-0201	Matrícula		
PC05	Orientación ao estudante	DO-0203 P1	Orientación ao estudantado		
PC06	Planificación e desenvolvemento da ensinanza	DO-0201 P1	Planificación e desenvolvemento da ensinanza		
PC07	Avaliación das aprendizaxes				
PC08	Xestión e revisión da mobilidade dos estudantes enviados	DO-0205 P1	Xestión da mobilidade		
PC09	Xestión e revisión dos estudantes recibidos				
PC10	Xestión e revisión das prácticas externas integradas no plan de estudos	DO-0204 P1	Xestión das prácticas académicas externas		
PC11	Análise da inserción laboral	MC-05 P1	Satisfacción das usuarias e usuarios		
		DE-02 P1	Seguimento e medición		
		A xestión da inserción laboral e o tratamento da información descríbese no procedemento MC-05 P1. A análise dos seus resultados para a mellora das titulacións descríbese no DE-02 P1.			
PC12	Análise e medición dos resultados académicos	DE-02 P1	Seguimento e medición		
PC13	Información pública	DO-0301 P1	Información pública e rendemento de contas		

PA01	Xestión dos documentos e das evidencias	XD-01 P1	Control dos documentos		
		XD-02 P1	Control dos rexistros		
		A xestión dos documentos (procedementos, anexos) descríbese no XD-01 P1. A xestión dos rexistros (evidencias) descríbese no XD-02 P1.			
PA02	Suspensión dun título	DO-0103 P1	Suspensión e extinción dunha titulación		
PA03	Satisfacción dos grupos de interese	MC-05 P1	Satisfacción das usuarias e usuarios		
PA04	Xestión e revisión de incidencias, reclamacións e suxestións	MC-02 P1	Xestión de queixas, suxestións e parabéns		
PA05	Captación, selección e formación do PDI e do PAS			PE	Xestión do persoal
PA06	Avaliación, recoñecemento e incentivos do PDI e PAS			PE	Xestión do persoal
PA07	Xestión dos recursos materiais			IA	Xestión da infraestrutura e ambiente de traballo
PA08	Xestión dos servizos			CO	Xestión de compras e avaliación dos provedores
PA09	Xestión dos expedientes e tramitación dos títulos	AC-0401 P1	Expedición de títulos oficiais		
PM01	Medición , análise e mellora	DE-03 P1	Revisión do sistema pola dirección		
		DE-02 P1	Seguimento e medición		
		A medición, análise e determinación de melloras respecto do funcionamento do sistema de garantía de calidade do centro descríbese no DE-03 P1. A análise do funcionamento das titulacións descríbese no DE-02 P1.			

Aclaracións:

➤ Procedementos iniciais avaliados:

Son os procedementos que formaban parte da versión do sistema de garantía de calidade avaliada na fase de certificación do deseño pola ACSUG no 2009/2010 (previa ao comezo do proxecto de mellora de 2013).

Correspóndense coas edicións 01-03. Permanecerán en vigor ata ser substituídos polos procedementos mellorados (columnas 2 e 3 da táboa [1]).

➤ Procedementos revisados e mellorados:

Son os procedementos que xa dispoñen dunha versión resultante do proceso de mellora.

Correspóndense coa edición 04 ou posteriores, de ser o caso. Son os que aparecen na columna 2 da táboa.

A súa aplicación realizouse como segue:

- 1ª fase de mellora: foron aprobados polos centros no 2º semestre do 2013 e implantados a partir do curso 2013/14;
- 2ª fase de mellora: foron aprobados polos centros no 1º semestre de 2015 e implantados maioritariamente desde o comezo do curso 2015/16;
- 3ª fase de mellora: estanse aprobando no 2º trimestre de 2016 (en curso), de xeito que a súa implantación iniciárase previsiblemente a comezo do curso 2016/17.

➤ Procedementos en fase de revisión:

Son os procedementos aínda non mellorados.

Pertencentes fundamentalmente ao área de procesos de xestión (procesos soporte). Substituirán progresivamente ás edicións iniciais correspondentes. A súa mellora abordarase de forma integrada co sistema de calidade do ámbito de xestión. Unha vez elaborados, serán enviados aos centros para a súa aprobación.

Ademais, o Manual de calidade, que inclúe a Política e os obxectivos de calidade, actualizouse ao mesmo tempo que os procedementos estratéxicos, co fin de harmonizar os seus contidos e de poñelo en coherencia coa configuración mellorada do sistema.

A listaxe de procedementos en vigor, coas actualizacións realizadas, está no anexo 1 ao Manual de calidade.